



XUNTA
DE GALICIA

Manual de Identidade do Centro Dramático Galego.

- 1.1 – Identificador do Centro Dramático Galego
- 1.2 – Versiones del logotipo
- 1.3 – Área de protección
- 1.4 – Tamaño mínimo

- Páxina 03
- Páxina 04
- Páxina 05
- Páxina 06

1 – Logotipo do Centro Dramático Galego.

1.1 – Identificador do Centro Dramático Galego.

O identificador principal do Centro Dramático Galego é unha declinación en corporativo con identificador mínimo, segundo se establece no Manual de Identidade da Xunta de Galicia, no apartado de arquitectura de marcas.



1.2 — Versións

De xeito preferente, o identificador aplicarase en negativo sobre a cor institucional.

A versión en negro non sofre ningún tipo de variación, só o cambio de cor a negro. En impresións domésticas ou con impresoras non profesionais, empregárase esta versión da marca principal en negro.



1.3 — Área de protección

A distancia mínima que non se debe invadir.

O espazo arredor da marca que deberá ser respectado e que non poderá ser ocupado por outro elemento tomará como referencia a altura do escudo.



1.4 — Tamaño mínimo

Altura mínima que se
debe respectar.

Establecer un tamaño
mínimo axudará a garantir a
visibilización e lexibilidade da
marca e as súas declinacións.



2 – Convivencia con outros logos

2.1 — Convivencia con logotipo da Xunta

Distancia mínima de separación entre logos.

Teremos en conta o ancho do logotipo da Xunta como distancia mínima entre os logos, e seguiremos as normas de manual correspondentes para calcular a distancia có logotipo do Centro Dramático Galego.



2.2 — Convivencia con logotipos de Xunta e Unión Europea.

Distancia mínima de separación entre logos.

Teremos en conta o ancho do logotipo da Xunta como distancia mínima entre os logos, e seguiremos as normas de manual correspondentes para calcular a distancia có logotipo da Unión Europea.



3.1 – Papel de carta de protocolo
3.2 – Sobre americano
3.3 – Tarxeta

Páxina 10
Páxina 11
Páxina 12

3 – Aplicacións de papelería básicas

3.1 – Papel de carta de protocolo

O sistema para xerar esta aplicación baséase no módulo do escudo da marca. Con este elemento definimos as marxes e separacións entre elementos.

– Medidas para A4:

Módulo escudo: 7,7 x 11 mm

Marxe superior: 22 mm

Marxe esquerdo: 30,8 mm

Marxe dereito: 30,8 mm

Marxe inferior: 22 mm

– Nome do cargo:

8 pt caixa alta e baixa

Cor: azul corporativo

– Cargo

8 pt caixa alta

Cor: azul corporativo

– Texto destinatario:

11 pt

Cor: Negro 70%

– Texto parágrafo:

11 pt

Cor: Negro 70%



3.2 – Sobre americano

O sistema para xerar esta aplicación baséase no módulo do escudo da marca. Con este elemento definimos as marxes e separacións entre elementos.


– Medidas para 210x110 mm:

Módulo escudo: 7,7 x 11 mm

Marxe esquerdo: 15,4 mm

Marxe dereito: 15,4 mm

Marxe inferior: 11 mm



3.3 – Tarxeta

– **Medidas para 85,6x54 mm:**

Módulo escudo: 7,7 x 11 mm

Marxe esquerdo: 15,4 mm

Marxe dereito: 15,4 mm

Marxe inferior: 5,5 mm

Marxe superior 5,5 mm

– **Nome:**

8 pt caixa alta e baixa

Cor: azul corporativo

– **Cargo:**


8 pt caixa alta

Cor: azul corporativo

– **Enderezo:**

7 pt caixa alta e baixa

Cor: azul corporativo



- 4.1 – Firma de correos electrónicos
- 4.2 – Encabezado e pé de web institucional: escritorio
- 4.3 – Encabezado e pé de web institucional: móbil
- 4.4 – Canles sociais e participativas

Páxina 14
Páxina 15
Páxina 16
Páxina 17


4 – Aplicacións básicas dixitais

4.1 – Firma de correos electrónicos

As pautas de aplicación das firmas dos correos seguirán as mesmas pautas que as tarxetas de xeito que a información sexa consistente e recorrente.

Co fin de que a persoa afectada poida coñecer os datos completos da unidade administrativa remitente, engadirase antes do enderezo, e neste orde, o Organismo e a Consellería aos que pertence.


Coa mesma intención, o enderezo debería incluír o número do edificio, se está nun complexo, e o número de planta onde se ubica a unidade administrativa remitente.



4.2 – Encabezados e pés de webs institucionais: escritorio.

A marca principal aplicarase mantendo unha marxe superior e inferior equivalente a 2/3 da súa altura.


A paleta de cor empregada será a corporativa ao igual que a tipografía en todos os seus usos e aplicacións.



4.3 — Encabezados e pés de webs institucionais: móbil.


A marca principal aplicarase mantendo unha marxe superior e inferior equivalente a 1/2 da súa altura.

A paleta de cor empregada será a corporativa ao igual que a tipografía en todos os seus usos e aplicacións.



4.4 — Canles sociais e participativas

Aplicaranse as pautas de publicacións en medios nos contidos das canles sociais e participativas. O uso dos avatares restrinxirase á aplicación do logo para todas as contas. Será decisión do órgano competente en materia de imaxe institucional e comunicación social a xestión e apertura de contas nas diferentes canles.



5.1 – Tótem de edificio con indicacións
5.2 – Bandeirolas ou rótulos verticais
5.3 – Rótulo corporeo

Páxina 03
Páxina 04
Páxina 05


5 – Aplicacións básicas de senalización e rotulación.

5.1 — Tótem de edificio con indicacións

Identificadores retroiluminados nos accesos ao edificio para colocar nos espazos previos á entrada dos mesmos, sempre que se poida, para informar do seu uso.

A marca principal colocárase na parte superior cunha marxe ao seu redor da metade do ancho do escudo. O texto do uso principal do edificio terá o mesmo tamaño que Xunta de Galicia e separárase da marca principal o dobre da altura do escudo.

As indicacións separáanse do uso do edificio por unha altura igual ao do escudo, así como as liñas onde se ubiquen as indicacións.



5.2 — Bandeirolas ou rótulos verticais

Identificadores para edificios protexidos ou con pouco espazo para ubicar na fachada elementos de rotulación.

A marca principal colocarse na parte superior cun marxe ao seu redor da metade do ancho do escudo. O texto do uso principal do edificio terá o mesmo tamaño que Xunta de Galicia e ubicarse na base da bandeirola ou rótulo co mesmo marxe.

XUNTA
DE GALICIACENTRO
DRAMÁTICO
GALEGO

5.3 — Rótulo corpóreo

Exemplo de marcade

